

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/64-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE BARALLOBRE	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	MOLUSCOS BIVALVOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓN	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ	

<b>Especies</b>	Ameixa babosa ( <i>Venerupis pullastra</i> ), ameixa fina ( <i>Ruditapes decussatus</i> ), ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> ), berberecho ( <i>Cerastoderma edule</i> ), ostra ( <i>Ostrea edulis</i> ) e ameixa bicuda ( <i>Venerupis aurea</i> )
<b>Ámbito do plan</b>	Praias de Barallobre e Maniños
<b>Subzonas de explotación</b>	

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
54		
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>NON</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
0		

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>		122										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: a pé</b>												
xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec	
X	X	X	X			X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
Especies	A pé (Mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante/habilitación
Ameixa babosa	5-6 kg	-	-
Ameixa fina	1-3 kg 4 kg na zona dos Castros	-	-
Ameixa xaponesa	3 kg	-	-
Berberecho	5-10 kg	-	-
Ostra	50 ud	-	-
Ameixa bicuda	1 kg	-	-

<b>Artes a empregar</b>	Sacho e angazo
-------------------------	----------------

<b>Puntos de control</b>	Lonxa de Barallobre
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Barallobre

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>		X	X									
Zonas: praia de Maniños	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



**XACOBEO 2010**  
Galicia

<b>Extracción semente para resemantar</b>													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
<b>Sementeiras</b>		X	X	X	X	X			X	X	X		
Zonas: Praias de Maniños e Barallobre													
Especies: Ameixa babosa, ameixa fina e ameixa xaponesa													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
<b>Traslados</b>		X	X	X	X	X			X	X	X		
Zonas: De Neda e San Valentín ás praias de Maniños e Barallobre													
Especies: Ameixa babosa, ameixa fina e ameixa xaponesa													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
<b>Rareos</b>													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
<b>Limpezas e arados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Praias de Maniños e Barallobre													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
<b>Outros</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Vixilancias													

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Zona de produción:** A práctica totalidade dos bancos de autorización están dentro da zona de produción GAL-03/07, clasificada zona de clase C para a produción de moluscos bivalvos na Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde de 8 de setembro de 2006, pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Participantes:** O listado de mariscadores anexo ao plan inclúe un total de 55 persoas, cando rematado o proceso de renovación de permex para o ano 2011 nesta Confraría, o número de mariscadores autorizados para traballar o vindeiro ano son 54. ....

**Ampliación:** Non se aproba a solicitude de incorporación de 17 mariscadores a pé para cubrir as baixas producidas nos últimos anos, en tanto estea en vigor o Plan de Acción para a dinamización do marisqueo na Ría de Ferrol.

**Cotas máximas de captura:** Acéptanse as variacións dos topes de captura de ameixa babosa, ameixa fina e berberecho tal e como se propoñen no plan. A petición de modificación deberá facerse constar na solicitude de apertura mensual co obxecto de que se dite a resolución correspondente.

A cota máxima de captura de ameixa babosa será de 5 kg podendo incrementarse a 6 kg en momentos puntuais e xustificadas pola abundancia do recurso e por razóns de mercado. Recoméndase limitar o esforzo extractivo proposto para ameixa babosa durante o outono, a fin de interferir o menos posible no segundo período reproductor desta especie.

No caso da ameixa fina o tope de captura fíxase en 3 kg/mariscadora e día, aínda que normalmente se reduce a 1 ou 2 kg, e para a zona “dos Castros” poderase incrementar ata 4 kg no caso de existir biomasa comercial suficiente. Respecto ao berberecho, aínda que se acepta a variación do tope entre 5 e 10 kg/mariscadora e día, a súa abundancia aconsella traballar co tope máximo.



**Punto de control:** Determinábase como único punto de control a lonxa de Barallobre, no que se realiza o peneirado e clasificación do marisco previo á venda. Os responsables do punto de control son os membros da directiva da agrupación de mariscadoras a pé de xeito rotativo e sempre coa presenza da presidenta.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

**Artes:** A gancha a pé non é unha arte autorizada no Decreto 424/1993, polo que para o seu uso requírese da aprobación dun plan experimental.

**Accións de semicultivo, rexeneración e vixilancia:** A participación nas accións previstas neste plan de explotación é obrigatoria para tódalas mariscadoras a pé e o seu incumprimento dará lugar ás sancións correspondentes. As labouras de vixilancia realizaranse en apoio dos vixiantes contratados pola confraría.

A responsabilidade da organización dos traballos de semicultivo e das vixilancias é da directiva da agrupación de mariscadores, aínda que non se especifica o xeito de organización (distribución dos grupos, establecemento de quendas, convocatorias...). Os días adicados a estas actividades computarán como días de actividade a efectos de renovación dos permisos de explotación a pé. A persoa responsable do control de asistencias é a presidenta da agrupación de mariscadoras.

Lembrar o estrito cumprimento da normativa sobre a explotación dos moluscos bivalvos nas zonas clasificadas microbioloxicamente como tipo C.

Toda actividade a desenvolver nestes bancos estará suxeita ao que estableza o Plan de Acción para a dinamización do marisqueo na Ría de Ferrol e á Orde pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2011.